

Guía de viaxes

Everest Galicia vén de comezar unha serie de relatos inseridos na colección “Montaña Encantada” e escritos por María Reimóndez, os cales, protagonizados por rapaces e rapazas pretenden achegar aos máis pequenos a algúns dos lugares máis significativos e atractivos do territorio galego.

Cun fío condutor de fondo, se cadra ás veces pobre e pouco desenvolvido, cada volume amosará unha zona de Galicia. Neste caso viaxamos á comarca do Salnés á beira de Uxía, Brais e o seu can Ulises que comezan o percorrido en Cambados nun concurso de cans e dende onde se desprazarán a Dozo, San Sadurniño, illa de Arousa, Ribadumia, Barrantes, A Lanzada, A Toxa ou Vilagarcía para cumprir coas probas marcadas no concurso. A historia serve de pretexto para amosar e nomear as características fundamentais de cada zona como é o caso das nove ondas e do santuario da Lanzada, mais a historia queda pobre a apenas se afonda no seu argumento. De feito os acontecementos son presentados de maneira precipitada e mesmo o desenlace, onde desenmascaran o can que estaba a facer trampas no concurso, chega de súpeto.

Orixinalidade plástica



PAULA FERNÁNDEZ

O interese fundamental do conto radica no feito de inserir fotografías e marcar unha ruta por unha zona moi determinada que pode promover as ganas dos rapaces de coñecer novos lugares, as súas lendas e tradicións.

Polo tanto, mais que un obxecto de lectura poderíamos consideralo unha sorte de guía de viaxes infantil, cunha linguaxe entendible exenta de tecnicismos e acompañada dunha pequena historia que, se cadra, fará que o grao de atención do rapaz sexa maior ao considerar o texto máis divertido.

Deste xeito, aínda que literariamente a historia podería estar máis traballada, non hai dúbida de que se trata dunha idea orixinal, cunha componente plástica moi coidada que conxuga as fotografías coas ilustracións nunha tentativa de separar ficción e realidade, que pode ser aproveitada tanto polos educadores como pola familia para planear diferentes saídas que promovan tamén o interese polo medio e a xeografía.



REIMÓNDEZ, María, *O can trampulleiro. Comarca do Salnés.* (Ilustr. Lino Sánchez) Ed. Everest Galicia. A Coruña, 2006. 48 páxinas.